

PROCEDIMIENTO DE SOLICITUDE DE AXUDA POR PARTE DO PROMOTOR

O promotor debe formalizar a súa solicitude de axuda, dentro do prazo establecido, na sede do GDR coa entrega por TRIPLICADO do modelo de **SOLICITUDE DE AXUDA** ao que debe acompañar unha serie de documentos adicionais:

DOCUMENTACIÓN ADICIONAL (orixinais e 2 copias)

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica do solicitante do solicitante e, de ser o caso, do seu representante legal (NIF, DNI, CIF).
- Declaración censal tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.
- Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos da entidade solicitante, debidamente inscritos no rexistro competente
- Últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual na que figure o nº de empregados, o balance anual e volume de negocio do último exercicio pechado. Informe da vida laboral da empresa emitido pola Tesouraría xeral da seguridade social referido ao ano anterior ao de presentación desta solicitude
- Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas segundo o modelo normalizado **MODELO DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS**
- Orzamento detallado dos gastos necesarios para execución do proxecto segundo o modelo normalizado **MODELO ORZAMENTO DETALLADO**, con indicación das partidas que supoñan unha achega en especie ou aportación de medios humanos propios.
- Plan de empresa segundo modelo normalizado. **MODELO RESUMO DE PROXECTO E PLAN DE EMPRESA.**
- Para cada gasto proposto superior a 12.000€ no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas se consultaría ou asistencia técnica (ou 30.000€ no suposto de obra civil) débese cubrir o modelo da **RELACIÓN DE OFERTAS SOLICITADAS E ELIXIDAS.**
- Plan de xestión segundo o modelo normalizado no caso de proxectos non produtivos. **MODELO PLAN DE XESTION PROXECTOS NON PRODUTIVOS**
- Certificado da AEAT do réxime de aplicación do IVE, no suposto de que solicite exención.
- Código de explotación agraria no suposto de investimentos no sector agrario.
- Certificación da entidade financeira na que conste o número da conta onde desexa percibir a subvención.
- Calquera outra documentación ou información que o interesado considere interesante para a análise do proxecto.